



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

EXPEDIENTE 2025/E001/000018. Proceso selectivo para a cobertura dunha praza de funcionario/a de carreira técnico/a de normalización lingüística de administración especial

Publicado anuncio do tribunal cualificador no que se fixeron públicas as puntuacións totais provisionais acadadas polos aspirantes e se realizou a proposta de nomeamento de persoal funcionario/a de carreira, con data 28.10.2025 no taboleiro electrónico municipal.

Constando no expediente certificado da Secretaría-Intervención, asinado con data 31.10.2025, no que consta que non se presentaron alegacións no prazo establecido no dito anuncio.

Tendo en conta o sinalado no anuncio de data 28.10.2025 ao non presentarse alegacións ou reclamacións no prazo establecido o resultado das puntuacións elévase automaticamente a definitivo.

De acordo co disposto na base 13 o aspirante proposto debe achegar, no prazo de 20 días naturais, desde a publicación deste anuncio na sede electrónica do Concello de Val do Dubra a seguinte documentación:

- DNI ou calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance establecido no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 , do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas nos termos sinalados na Base Xeral 4; e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Orixinal ou copia cotexada da titulación esixida nas Bases da convocatoria.
- Orixinal ou copia cotexada do permiso de conducir clase B.
- Certificado de discapacidade e da compatibilidade coas funcións e tarefas da praza, cando se trate de aspirantes con discapacidade.

Se dentro do prazo indicado o aspirante proposto non presenta a documentación ou non reunise os requisitos esixidos, entenderase que renuncia e non poderá ser nomeado, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incorrer por falsidade.

O que se publica aos efectos oportunos.

Val do Dubra, na data da sinatura electrónica

Dalmiro Núñez Méndez, presidente do tribunal

Beatriz Oveja Villafañe, secretaria do tribunal